



Arroz á cubana

Description



Os espazos que poida abrir Raúl no futuro deberían ter en conta tamén a importancia de robustecer a autonomía e a iniciativa social alí onde o poder estatal afogou a capacidade creativa e innovadora. É na sociedade, e non só no poder, onde radica a garantía principal de que Cuba non se acabe convertendo nunha illa á deriva.

Os primeiros cambios introducidos por Raúl Castro afectan a dous aspectos básicos da realidade cubana: a produción e o consumo, liberalizando, aínda que timidamente, actuacións longamente demandadas pola sociedade deste país caribeño. A expectación céntrase agora noutro eido importante, maiores facilidades para poder viaxar. A agricultura, a produción en xeral, pero, sobre todo, *aire para respirar* en doses crecentes é un requerimento indispensable e perfectamente accesible en moitos aspectos onde campean prohibicións que revelan o especial do período en que se adoptaron, pero tamén os temores e feblezas do propio réxime.

Os cambios que Raúl pode introducir en Cuba terán como denominador común unha liberalización que non cuestione o sistema de poder. Ese é o seu límite e non será quen de traspasalo. Tal como se aventuraba, o modelo chinés está no cerne das súas propostas, pero serao como idea, a súa plasmación práctica terá que tomar moi en conta as múltiples singularidades da illa, cunha estrutura socioproductiva e un ascendente cultural ben distinto. E o gradualismo será o seu método.

Se de algo serviu o derrube do muro de Berlín foi para finiquitar as uniformidades e transformar o que antes era heterodoxia en norma de conduta para afinar vías propias que poidan conducir a un maior progreso e benestar. Esa reflexión hai que tela en conta tamén dende outras posicións. As veces da a impresión de que o muro de Berlín caeu só para un lado. Preconizar como solución de todos os males a aplicación rigorosa e automática da receita pluralismo-mercado onde o binomio é partido único-planificación, podería acabar resultando outra versión dunha teoloxía semellante á que se afundi no Leste. A realidade é máis complexa, aínda que a diversidade de labirintos non debe ser escusa para obviar o respecto a valores universais, aínda admitindo que a súa xestión poida requirir fórmulas propias e tránsitos adaptados. Pero nunca escamoteos.

Os espazos que poida abrir Raúl no futuro deberían ter en conta tamén a importancia de robustecer a autonomía e a iniciativa social alí onde o poder estatal afogou a capacidade creativa e innovadora. É na sociedade, e non só no poder, onde radica a garantía principal de que Cuba non se acabe convertendo nunha illa á deriva.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

ETIQUETAS

Cuba

IDIOMA

Galego

Date Created

Abril 15, 2008

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2008-04-15 00:00:00